

ÍNDICE

1.- PROPOSTA PEDAGÓXICA	2
1.1.- Análise do contexto	2
1.2.- Definición e caracterización institucional da escola	3
1.3.- Obxectivos pedagóxicos	4
1.4.- A lingua de aprendizaxe	6
1.5.- Liña metodolóxica	7
2.- ORGANIZACIÓN XERAL DA ESCOLA	10
2.1.- Horario da escola e a súa distribución	10
2.2.- Horarios especiais da escola	12
2.2.1.- Período de adaptación	12
2.2.2.- Horario reducido	13
2.3.- Espazos e ambiente	13
2.4.- O persoal da escola	17
3.- A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	17
3.1.- A integración de alumnado con NEAE	18
3.2.- Actuacións e medidas para a atención á diversidade	20
4.- OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVIZOS	25
4.1.- Comedor	25
4.2.- Horas complementarias	27
4.3.- Saídas	27
4.4.- Outras actividades	28
5.- FORMAS DE PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA	29
5.1.- O equipo educativo	29
5.2.- As familias	33
5.3.- O consello escolar	35
6.- FORMAS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ESCOLAS DA REIM E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS	36
6.1.- Escolas infantís municipais	36
6.2.- Outras entidades	37
ANEXOS	39

1.- PROPOSTA PEDAGÓXICA

1.1.- ANÁLISE DO CONTEXTO

A Escola Infantil Municipal Arela está situada na Avenida de Oleiros s/n, dentro do barrio de Elviña, pertence ó distrito sete do Concello de A Coruña, no que tamén se atopan os barrios das Flores, e os Maios.

É unha zona residencial, con fácil acceso dende calquera zona da nosa cidade, xa que podemos achegarnos a ela en coche, ou en transporte urbano, está a pouca distancia da estación de tren e tamén da estación de autobuses

En xeral é un barrio tranquilo, cun nivel sociocultural medio e ó ser familias relativamente xoves, existen un grande número de nenos/as pequenos.

Cerca da escola atópase o Mercado de Elviña e tamén a Biblioteca González Garcés, ó mesmo que o Centro de Saúde.

O barrio ten varias zonas axardinadas, sendo un espazo moi visitado polos nenos/as e ten unha zona especial de xogos para ós máis pequenos.

Non debemos esquecer que é unha zona con grande movemento industrial por atoparse preto do Polígono da Grela e tamén comercial xa que o Centro Comercial está a pouca distancia da escola, é algúns dos pais/nais que farán uso da nosa escola son traballadores destes centros.

No noso barrio existen varios colexios públicos e tamén unha escola infantil que pertence á Xunta de Galicia, onde se escolarizan nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A lingua vehicular nesta zona é o castelán, aínda que tamén falase o galego, non sendo esta a lingua maioritaria dos rapaces e rapazas.

Con respecto á escola en particular dicir que o edificio conta cunha parcela de 985 m² e cunha parcela exterior duns 960 m². Consta de 8 aulas, cociña, sala de mestres/as, despacho, patio interior cuberto, xardín, aseos e outras dependencias, distribuídas en dous niveis.

Arela é unha escola na que se imparte o primeiro ciclo de Educación Infantil (0-3 anos).

1.2.- DEFINICIÓN E CARACTERIZACIÓN INSTITUCIONAL DA ESCOLA

A nosa escola baseará a súa actuación nas seguintes directrices: a non imposición de principios dogmáticos, prexuízos ou calquera tipo de discriminación ou limitación; potenciación dos valores de convivencia democrática; a participación das familias e a integración da comunidade; a formación continuada do profesorado e a avaliación e análise das nosas prácticas educativas.

Á hora de definir **o noso estilo educativo** partiremos dunha premisa tan obvia como importante, que é o convencemento de que a infancia constitúese como unha etapa da vida con características propias e plena de significado. O grupo educativo imos estar en constante renovación pedagóxica, e baseando o noso labor nun traballo en equipo.

Pretendemos unha escola na que desenvolver:

- Unha educación integral que propicie en nenos e nenas experiencias que estimulen o seu desenvolvemento completo, partindo do

coñecemento da infancia en xeral e de cada neno en particular, sempre respectando os ritmos particulares de maduración e aprendizaxe.

- Unha educación dirixida á conquista da propia autonomía, e que potencie o desenvolvemento dunha actitude crítica, activa e participativa.
- Unha educación que implique activamente á familia e a tódolos membros da comunidade educativa no proxecto formativo dos alumnos e alumnas da nosa escola.

Para acadar estes propósitos parécenos fundamental a introdución dunha serie de ámbitos a traballar de maneira transversal: a educación intercultural, ambiental, viaria, sexual, para a saúde, para o consumo, para o lecer, para a paz, a moral e a conduta cívica e a coeducación.

1.3.- OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

Coñecido o marco contextual e unha vez definida a nosa identidade, é necesario que manifestemos os propósitos que perseguimos como institución, formulándonos a cuestión: *¿QUE PRETENDEMOS?*

- Potenciar un ensino activo no que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade, sempre aberto ó entorno, no que o xogo sexa o principal medio para a aprendizaxe.
- Favorecer os procesos de aprendizaxes significativas.

- Impulsar hábitos persoais e desenvolver actitudes de relación social.
- Seleccionar os contidos de xeito que:
 - Se fomente a capacidade de observación, experimentación de crítica e adquisición de hábitos de traballo.
 - Se favoreza o uso plurilingüe na Escola, de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas. Na nosa escola están presentes as tres linguas, e potenciarase o uso do inglés dende as aulas de 0 -1 ano ata as de 2-3.
 - Se potencie un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo e se imparta, ademais, unha educación sexual axeitada á idade, que de respostas ás inquiredanzas dos nenos/as.
 - Se favoreza o respecto á diversidade.
 - Se desenvolvan actitudes críticas ante os medios de comunicación social.
 - Se respecten as diversas opcións ideolóxicas, relixiosas, etc.
 - Se potencie unha educación para a paz, moral e cívica.
 - Se favoreza a aprendizaxe dun uso axeitado do tempo de lecer.
- Favorecer a comunicación entre os distintos profesionais, encamiñada a conseguir un consenso do actuación.
- Responder axeitadamente ás necesidades de cada alumno/a

- Asumir a avaliación como unha actitude persoal que estará sempre presente e non só nuns momentos puntuais de recollida e valoración de datos.

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, marca os obxectivos xerais da etapa, así como os bloques de contido e criterios de avaliación que seguiremos á hora de elaborar a nosa programación de aula.

1.4.- A LINGUA DE APRENDIZAXE

A *Constitución Española de 1.978* recoñece a cooficialidade do galego na Comunidade Autónoma de Galicia. O *Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/83 do 15 de Xuño)* sitúan ó galego como idioma oficial para tódolos niveis educativos.

Seguindo o *Marco Común Europeo de Referencia das Linguas* e o establecido no noso *Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís integradas na REIM* o ensino na Escola terá un carácter plurilingüe, nas aulas utilizarase o galego, o castelán e o inglés, en tódalas idades.

Os estudos realizados sobre a adquisición de varias linguas de forma temperá afirman que isto está dentro das posibilidades cognitivas de calquera neno, e outros estudos relacionan esta adquisición cun maior desenvolvemento

dos potenciais cognitivos dos nenos. Desde a escola favoreceremos a creación dun ambiente favorable ó uso das tres linguas no centro.

Esta sensibilización da escola ten que ir cara a normalizar as actitudes lingüísticas en contacto co entorno no que está inserta a través da participación na cultura popular (festas cíclicas: Entroido, Magosto, Maios) , así como o uso do galego coma lingua vehicular.

Tal e como queda reflectido no Proxecto de aproximación á lingua inglesa, esta estará presente dende as aulas de 0 -1 ano. Ó longo do curso levaranse a cabo unha serie de actividades significativas para os nenos/as, pois inciden e reforzan o que xa van aprendendo no resto das áreas de educación infantil. Todas estas actividades son debidamente organizadas e planificadas en coordinación co centro de interese que esteamos a traballar.

1.5.- LIÑA METODOLÓXICA

Dadas as características da Escola Infantil é especialmente importante conducir os procesos educativos a través da experiencia persoal dos nenos/as, a actividade, o xogo e a aprendizaxe por descubrimento. Isto fai que os alumnos/as desenvolvan as súas capacidades:

- 1.- A adquisición de hábitos básicos para a súa autonomía.
- 2.- A elaboración dunha imaxe positiva de si mesmos.

3.- O coñecemento do medio.

4.- O uso da linguaxe.

O enfoque globalizador e personalizado é o máis axeitado para esta etapa. Dende esta perspectiva presentaremos os contidos gradualmente, paso a paso, para que os nenos/as asimilen de modo natural á aprendizaxe e adquiran seguridade ó poñela en práctica. Estes contidos programaranse a través de centros de interese que traballaremos ó longo do curso (outono, Nadal, os contos, medios de transporte, os animais, o corpo, a auga,...).

A aplicación destes principios logrará completamente a súa eficacia a través da acción directa do profesor/a. O noso papel concrétase nos seguintes aspectos:

- Organizar de modo variado, estimulante e flexible ás actividades e os materiais curriculares, e dispoñer axeitadamente o horario e o espazo escolar de modo que respondan ás necesidades de afecto, actividade, descanso, alimentación e comunicación dos alumnos/as.
- Manter a regularidade do ritmo biolóxico dos nenos/as, imprescindible para a dinámica da aula, porque potencia rutinas cotiás que axudan a fomentar hábitos persoais e a interiorizar elementos de orientación no tempo e no espazo.

- Promover a actuación coordinada é coherente do equipo de profesores/as, para que teña continuidade e non se produza unha ruptura nos procesos de ensino previos ó ciclo.

- Coidar de modo especial a chegada dos nenos/as ó centro escolar e contando sempre coa colaboración da familia, a súa progresiva adaptación. Así, dispoñeremos coidadosamente as condicións materiais e persoais da aula. Flexibilizaremos o horario e axustaremos as actividades ás capacidades dos alumnos/as.

A escola axuda ós nenos/as a ampliar as súas relacións con outras persoas e complementa o ámbito familiar na tarefa educativa, xa que, ata este momento a familia era a única fonte de experiencias para o desenvolvemento infantil. Se a aula mantén un clima de afecto e confianza facilita os seguintes logros:

- Benestar, seguridade e ledicia, que son fundamentais para estes primeiros pasos no mundo escolar.

- Enriquecemento do propio coñecemento e reestruturación deste mediante unha presentación de actividades significativas e motivadora.

Os eidos nos que queda organizado o material curricular deste ciclo son:

- A interacción do neno/a cos seus compañeiros/as, que constitúe un importante recurso metodolóxico, xa que as relacións, coas súas inevitables rabechas e reconciliacións, axúdanlle no seu progreso social, afectivo e intelectual.
- O xogo, recurso motivador de primeira orde, establece vínculos construtivos entre os nenos/as. Ademais, ofrece a posibilidade de organizar de modo globalizado os contidos e de evitar a perigosa distinción entre diversión e traballo escolar.

2.- ORGANIZACIÓN XERAL DA ESCOLA

2.1.- HORARIO DA ESCOLA E A SÚA DISTRIBUCIÓN

A escola permanecerá aberta de luns a venres dende as 8:00 ás 16:00, coa posibilidade de ampliar este horario dependendo da demanda que exista.

A xornada de aula, de carácter obrigatorio para tódolos nenos/as da escola, será de 10:00 h. a 13:00 h. da mañá, neste horario os nenos/as permanecerán no mesmo grupo-clase e coa súa titora. Fóra deste horario os agrupamentos faranse en función do número de nenos desta idade que permaneza na escola.

Este horario organizarase da seguinte maneira:

CHEGADA: Desde as 8:00 ata as 10:00. Os nenos iranse incorporando paulatinamente en función das necesidades dos seus pais. Segundo o número de nenos iranse reagrupando tendo como criterio a non superación da ratio establecida. Nestes momentos programaremos diferentes tipos de actividades en función da idade e número de nenos.

ACTIVIDADES DE AULA: De 10:00 a 13:00. Os nenos estarán na súa aula co seu titor/a. Nestas tres horas desenvolveranse as actividades programadas dentro do centro de interese a traballar, seguindo unha dinámica de aula organizada: recibimento, encontro na alfombra, almorzo, psicomotricidade, inglés, traballo de mesa... Entre unha actividade e outra os nenos terán momentos de xogo libre.

COMEDOR: De 13:00 a 14:00. Dentro deste horario pode haber nenos que queden na escola sen comer, sempre e cando marchen antes das 14:00 horas. Os máis pequenos (aulas 0-1 anos) comerán respectando o seus horarios e ritmos de alimentación. En tódalas aulas se fomentará a autonomía progresiva á hora de comer.

DORMITORIO: De 14:00 a 16:00: Os nenos/as que necesiten despois de xantar un descanso irán ó dormitorio e alí descansarán nun lugar acondicionado para elo. Haberá persoal encargado de acompañar en todo momento a estes nenos/as.

2.2.- HORARIOS ESPECIAIS DA ESCOLA

2.2.1- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Ó comezar o curso o centro contará cun horario especial para facilitar a adaptación dos nenos/as á escola. Durante a primeira semana acudirán unha hora, acompañados dun adulto. Na seguinte semana tres horas (10:00-13:00) e a partir da terceira semana a escola funcionará co horario completo (8:00-16:00).

Unha das dificultades máis salientables na incorporación do neno/a á escola vén dada polo proceso de separación da súa familia. A maneira na que se resolva este proceso será transcendental nos procesos posteriores de adaptación social, na actitude do neno/a cara á escolaridade e, en xeral, cara ás aprendizaxes escolares.

O proceso de adaptación deberase coidar de xeito especial, tal como se contempla no decreto *330/2009 do 4 de xuño onde se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, así como no *Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís integradas na REIM do Concello da Coruña*, no artigo 19 punto 6.

Propoñemos unha serie de actuacións que contribuirán a facilitar o proceso de adaptación: dar a coñecer ás familias as instalacións e o proxecto educativo cando solicitan praza; enviar unha tarxeta coa foto do titor/a ó neno para que se familiarice coa súa cara (**ver ANEXO 1**); realizar xuntanzas informativas no verán e na primeira semana de curso; entregar un tríptico

informativo sobre adaptación (**ver ANEXO 2**) adecuar o proceso de adaptación ó ritmo individual de cada neno/a,...

2.2.2- HORARIO REDUCIDO

A escola permanecerá aberta nas vacacións de Nadal, Semana Santa no horario habitual de 8:00 a 16:00 e o mes de xullo en horario reducido de 8:00 a 15:00. Durante estes períodos vacacionais non se traballa coa programación educativa e hai reagrupamento do alumnado.

2.3.- ESPAZOS E AMBIENTE

O espazo escolar é onde o alumno/a desenvolve a maior parte da súa actividade, polo que é necesario que se adopten as condicións que determina a idea de educación que se pretende desenvolver.

Os criterios que utilizaremos en canto a organización de espazos e instalacións arquitectónicas estarán baseados na normativa vixente : *Decreto 330/2009 do 4 de Xuño no que se establece o Currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 329/2005 do 28 de xullo , polo que se regulan os Centros de Menores e Centros de atención á Infancia.*

A disposición do entorno será empregada como unha estratexia de instrución, complementando e reforzando outras estratexias utilizadas polo mestre para respaldar a aprendizaxe dos nenos/as.

Un bo ambiente:

- Debe posibilitar o coñecemento de tódalas persoas do grupo, e o achegamento de uns a outros. Progresivamente fará factible a construción dun grupo con obxectivos, metas e ilusións comúns.
- Debe facilitar a todos o contacto con materiais e actividades diversas que permitan abarcar un amplo abanico de aprendizaxes cognitivas, afectivas e sociais.
- Será diverso, debendo transcender a idea de que toda aprendizaxe se desenvolve entre as catro paredes da aula. Ofreceremos distintos escenarios, xa sexan construídos ou naturais, dependendo das tarefas emprendidas e dos obxectivos perseguidos.

Un espazo e uns materiais ben organizados suaviza as transicións independentes dunha actividade a outra, permitindo os nenos/as traballar cun mínimo de interferencias e interrupcións, reducindo a necesidade de intervención do adulto. Os criterios básicos polos que se rexe a distribución dos espazo son os seguintes:

a.- Nivel e nº de alumnos/as que recolle o centro. Este é un criterio fundamental para a organización da escola, xa que de el dependen as dimensións e finalidade dos espazos, así como o mobiliario necesario.

b.- *Versatilidade dos espazos.* Que faciliten a organización de actividades diversas tanto individuais como en grupo.

c.- *Funcionalidade do mobiliario.* Que permita acceder a el (tanto a adultos como a nenos) sempre que sexa preciso e tamén variacións na creación e organización de novos espazos para realizar distintas actividades.

d.- *Destinar as aulas e outros espazos existentes a aqueles grupos de nenos/as que polas súas idades permitan un mellor aproveitamento das características destas, así como unha maior facilidade para afrontar o sistema de acceso a cada unha delas.*

Á hora de distribuír o espazo dentro da aula hai que ter en conta que :

- A aula debe ser un *lugar cálido e acoledor* que reflicte os intereses e actividades correntes do neno/a.
- A aula dividírase *en áreas de actividade* ou zonas que deberán distinguirse por si mesmas, á vez que se fusionan na totalidade do espazo.

- Cada *espazo estará claramente diferenciado*, facilitando ó alumno/a a elección do tipo de xogo que desexa nese momento, tendo en conta que haberá que facilitar o paso dunha actividade a outra.

A organización dos espazos da aula será a seguinte:

- Zona de movemento: será a zona máis ampla da aula polas características da idade que alberga. Esta zona debe contar con elementos móbiles para uso libre no espazo: pelotas, carros, arrastres, pequeno tobogán, triciclos...
- Zona de aseo e mudas: disporá de colector hixiénico para cueiros, moble cambiador, caixas para gardar as cousas de cada neno/a; ademais contará cun WC á altura dos nenos/as e ouriñais.
- Zona de descanso
- Zona de encontro: espazo destinado ós encontros de todo o grupo, como son as actividades de linguaxe e outras actividades colectivas. Contará con: panel de fotografías do grupo, recanto de contos, panel do tempo,...
- O resto da aula: estará estruturado por recantos destinados a xogos simbólicos ou de creación. Os recantos poden ser: recanto da casa-

cociña, dos disfraces, das construcións, dos sentidos, do garaxe e recantos temporais que sexan necesarios introducir na aula dependendo do centro de interese que esteamos a traballar.

2.4.- O PERSOAL DA ESCOLA

O traballo docente é un traballo en equipo que leva a unha coherencia educativa fundamental para a calidade do ensino. Este grupo humano debe estar integrado dentro dunha estrutura organizativa. Na nosa escola o persoal esta organizado para optimizar os procesos de aprendizaxe e acadar así unha serie de obxectivos como: acadar o máximo rendemento do centro; favorecer a incorporación á institución educativa dunha bagaxe de novas experiencias; mellorar as actitudes e actuacións do profesor ante a innovación; proporcionar a tódolos nenos/as as mellores experiencias educativas,...

Tal como se recolle no Capítulo IV, artigo 14 do *Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís integradas a REIM do Concello da Coruña*, o cadro de persoal da Escola estará integrado polo persoal directivo, da aula, de apoio e o persoal de administración e servizos. O persoal de comedor e horas complementarias poderá incrementarse en función da demanda de alumnado nestes servizos.

3.- A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A riqueza dunha aula está na diversidade: as ideas e as achegas de todos e de todas farannos ver as cousas dende un punto de vista máis

enriquecedor. Débese observar e escoitar aquilo que se di na aula, os intereses e as inquiredanzas de todas as persoas que formamos parte dela, as diferentes interpretacións que se fan da mesma cuestión. Cada neno e nena ten un nivel distinto e isto é moi positivo.

No *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio* defínese a atención á diversidade como: “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

A diversidade fai referencia a todos eses trazos que nos fan únicos e non soamente aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo. Dentro do noso contexto educativo (0-3 anos) recolleríanse dous grupos baixo o epígrafe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):

- Os nenos e nenas con necesidades educativas especiais.
- Os nenos e nenas que se atopen en situación de risco social.

3.1.- A INTEGRACIÓN DE ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

A educación é un dereito, a escola é *por* e *para* todos e todas. O contrario de marxinación é a *integración social*, e é unicamente a través da integración e da normalización como pode a sociedade satisfacer o dereito a ser nenos e

nenas: unha nena e un neno que leva unha vida tan normal como lle sexa posible, unha nena e un neno que poidan realizarse sen máis limitacións que as da súa capacidade, é dicir sen limitacións provinte dunha discriminación por parte dos demais membros da sociedade

A integración de alumnado con NEAE é un proceso de participación recíproco, beneficioso para todos, que hai que levar a cabo dende o ámbito funcional e social, non é un sinónimo de igualar, nivelar ou avituallar.

Nós pensamos que a integración non é un acto puntual, dun momento concreto, senón un proceso continuo e canto máis cedo mellor, por iso a integración non debe esperar á idade escolar, debe realizarse xa na educación infantil.

Temos que ter en conta que:

- É nos primeiros anos de vida, e para moitos casos, é na escola onde poden chegar a ser detectados.
- As diferenzas no desenvolvemento e o tempo de experiencias educativas que os nenos e as nenas precisan nestas idades non os afasta aínda dos seus compañeiros.
- A integración dende idades temperás contribuirá a facilitar a súa continuidade ó longo de posteriores niveis educativos e na vida social en xeral.

O desenvolvemento de medidas educativas especiais formula un grave problema: o da etiquetación. Debemos destacar que a identificación dun problema non equivale á marcaxe das persoas e que a avaliación educativa non é separable da intervención.

Á hora de falar de integración dentro da escola, debemos ter en conta:

- Que non se limita a integración física.
- Que se impliquen tódolos membros da escola.
- Que recibe os apoios necesarios da Administración.
- Que estamos dispostos a modificar actitudes e hábitos para entrar nunha dinámica de reflexión e investigación sobre a práctica diaria escolar, que leve á súa mellora.

3.2.- ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un concepto importante á hora de planificar estas actuacións é o da **Atención Temperá**, entendida como o conxunto de intervencións, dirixidas á poboación de 0-6 anos, á familia e ó entorno, que teñen por obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen o risco de padecelos. En Atención Temperá temos que considerar á nena e ó neno na súa globalidade, tendo en conta os aspectos intrapersoais, biolóxicos,

psicosociais e educativos, propios de cada individuo, e os interpersoais, relacionados co seu propio entorno, familia, escola, cultura e contexto social.

As medidas e actuacións ás que faremos referencia teñen que chegar a tódolos nenos que presentan calquera tipo de trastorno ou alteración no seu desenvolvemento (física, psíquica ou sensorial), ou se consideren en situación de risco social. Estas intervencións deben considerar non só á nena ou ó neno, senón tamén á familia e ó seu entorno.

OBXECTIVOS DA NOSA INTERVENCIÓN

- Realizar unha labor de detección temperá tanto de posibles alteracións no desenvolvemento como de situacións de risco social que poidan derivar en déficits.
- Reducir os efectos dunha deficiencia ou déficit sobre o conxunto global do desenvolvemento do neno/a.
- Optimizar, na medida do posible, o curso do seu desenvolvemento.
- Introducir os mecanismos necesarios de compensación, de eliminación de barreiras e adaptación a necesidades específicas.
- Evitar ou reducir a aparición de déficits secundarios asociados producidos por unha situación de risco social.
- Atender e cubrir as necesidades e demandas da familia e o entorno no que vive o pequeno/a.
- Considerar ó neno ou nena como suxeito activo da intervención.

CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS E MEDIDAS

- A escola contará cunha psicopedagoga, que será a encargada de elaborar e coordinar co resto de profesorado as medidas de atención á diversidade. Esta profesional será a que realice as intervencións directas de apoio dentro da aula cando os nenos con NEAE o precisen. Tamén lle dará orientación ós titores de cara á integración deste alumnado na dinámica xeral da aula e tratará de resolver tódalas dúbidas que lles poidan xurdir ós mestres con respecto á integración de nenos con NEAE.
- A integración de alumnado con NEAE require que esta se realice na aula ordinaria; isto supón a escolarización co grupo de idade que corresponde ó neno ou nena, ou como moito cunha marxe de diferenza dun ano. A escolarización nun grupo de idade un ano inferior realizarase naqueles casos de alumnado con diversidade funcional no que se dea un desfase importante no seu desenvolvemento evolutivo con respecto á súa idade cronolóxica.
- Durante os dous primeiros meses de curso o profesorado recollerá, a través da observación, información sobre diversos aspectos do desenvolvemento dos nenos e nenas de cara a realizar unha primeira avaliación inicial. Esta información recollerase na *ficha de avaliación inicial* de cada alumna/o. Nela faise referencia a aspectos como: o proceso de adaptación á escola, o desenvolvemento psicomotor, lingüístico, ... Hai un

apartado destinado a especificar, se fose o caso, as NEAE detectadas.

- Ó longo de todo o curso a psicopedagoga da escola realizará sesións de observación periódicas en cada unha das aulas. Cada sesión centrarase nun aspecto concreto (adaptación, xogo, desenvolvemento da linguaxe, desenvolvemento psicomotor, seguimento de dinámicas de aula, interaccións, atención sostida,...). Unha vez realizada a observación realizará un informe no cal se recollerán os aspectos máis salientables observados en cada neno/a. Nunha posterior xuntanza coa titora ou titor do grupo intercambiarán impresións sobre a información obtida de cada neno/a. A través desta medida preténdese facer un seguimento individualizado do proceso de desenvolvemento de cada alumno/a contando con dúas fontes de información. Deste xeito, ademais de realizar dito seguimento, pódense detectar posibles desaxustes no desenvolvemento infantil.
- A psicopedagoga estará á disposición de tódalas familias da escola para tratar de resolver todas aquelas dúbidas ou inquedanzas que poidan ter con respecto á crianza, desenvolvemento e educación dos seus fillos/as. No caso das familias de alumnado con NEAE (ben sexa por presentar trastornos no desenvolvemento ou por atoparse en situacións de

risco social) o contacto coa psicopedagoga será moito máis estreito e continuado. Nestes casos será de vital importancia un intercambio frecuente de información sobre os progresos e/ou dificultades do neno/a tanto na escola coma fóra dela. Esta información permitirá deseñar propostas de intervención e manter ou cambiar os obxectivos propostos coa finalidade de optimizar o desenvolvemento dos pequenos/as que presentan dificultades.

- No caso de nenos/as con NEAE establecerase un intercambio de información entre o persoal da escola (titores e psicopedagoga) e aqueles outros profesionais que traballan con estes alumnos/as fóra da escola (psicólogos, asistentes sociais, médicos, logopedas ...). Trátase de establecer uns obxectivos e unha liña de traballo común dentro e fóra da escola. Nestes casos pedirase consentimento ós pais ou titores para poder transmitir información acerca do desenvolvemento do seu fillo/a a outros profesionais.
- Os alumnos con NEAE poderán permanecer un ano máis no primeiro ciclo de educación infantil, tal e como se recolle no artigo 17 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* e no artigo 24 do *Regulamento de organización e funcionamento das escolas da REIM do Concello da Coruña*. Nestes casos a psicopedagoga

realizará un labor de asesoramento ás familias, informándoos das posibles vantaxes e inconvenientes desta medida antes de solicitala. En caso de que a familia opte finalmente pola flexibilización na idade de escolarización, a psicopedagoga emitirá o informe correspondente á Comisión de Escolarización.

- No momento en que os alumnos con NEAE pasen ó segundo ciclo de educación infantil procurarase que haxa un intercambio de información entre os profesionais da escola, que xa coñecen ó neno ou nena, e os profesionais que van intervir no novo ciclo (titores, Departamento de Orientación,...). Con esta medida preténdese que esta transición sexa o máis positiva posible para a nena ou neno e tamén para a familia.

4.- OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

4.1.- COMEDOR

O momento da comida na Escola Infantil conleva un importante labor educativo, de interacción e tamén para desenvolver aspectos motrices ó usar os distintos utensilios. É importante tamén crear á hora da comida un clima relaxado e familiar e serán tódalas persoas relacionadas con este servizo as encargadas de crealo e mantelo.

A organización deste espazo favorecerá unha relación persoal do adulto con cada neno/a e que este se atope a gusto compartindo e gozando deste momento cos compañeiros. O labor do adulto no comedor será, principalmente,

o de favorecer a autonomía dos nenos/as axudando a que sexan capaces de valerse por si mesmos incluso de levar a cabo tarefas de responsabilidade. Teremos tamén a posibilidade de que os nenos/as que habitualmente no utilizan o comedor podan facelo ocasionalmente, simplemente avisando antes das 11 da mañá do mesmo día.

Os menús (**ver ANEXO 3**) serán variados sans e equilibrados e están elaborados por un especialista en dietética e nutrición. Se algún neno/a da escola quere empregar o servizo de comedor pero por motivos de saúde ten que seguir una dieta especial terá que traer a súa comida da casa.

É importante que os nenos/as da escola infantil coñezan a preparación dos alimentos. A cociña, desde este punto de vista, converterase nun espazo educativo no que os nenos/as podan falar coa cociñeira, ver os alimentos antes de ser preparados e as transformacións que sofren. Traballaremos a transformación dos alimentos coa axuda do menú diario: nas aulas vese o que hai para comer (fotos do prato) e manipulamos algúns ingredientes. A colaboración do persoal da cociña no labor educativo é importante para o bo funcionamento do comedor.

Por último, non podemos esquecer as actividades de preparación para a comida como son: lavar as mans, poñer o mandilón, coller cada un o seu pano de mesa... e as de despois de xantar como son: recoller a súas cousas, lavarse as mans e os dentes. O aseo e a hixiene son moi importantes á hora de comer e por elo favoreceremos no neno/a a creación destes hábitos.

As familias poderán coñecer a diario como comeron os seus fillos/as a través dos paneis de información das aulas.

4.2.- HORAS COMPLEMENTARIAS

Ofertamos como horas complementarias as horas de 8:00 a 9:00 e de 9:00 a 10:00. Parécenos importante que a escola permaneza aberta nestes horarios como medida facilitadora da conciliación da vida familiar e laboral. A partir das 16:00 a escola abriría, sempre e cando a demanda fose suficiente.

4.3.- SAÍDAS

Ó longo do curso realizaranse diversas saídas relacionadas cos centros de interese que se estean a traballar nese momento. Estas saídas aparecerán reflectidas na Programación Xeral Anual.

Nas aulas de 0 a 1 anos e nas aulas de 1 ano realizarase unha única saída. Será á piscina, coincidindo co centro de interese “A auga”. Será requisito imprescindible que cada neno vaia acompañado dun adulto.

Nas aulas de 2-3 anos faremos varias saídas:

- Acuarium Finisterrae, coincidindo co centro de interese “Os animais”. Pediremos un acompañante adulto por cada dous nenos.
- Parque de bombeiros, coincidindo co centro de interese “Os medios de transporte”.
- Biblioteca, coincidindo co centro de interese “Os contos”. Pediremos un acompañante adulto por cada dous nenos.
- Piscina, coincidindo co centro de interese “A auga”. Será requisito indispensable que cada neno vaia acompañado dun adulto. Ademais

das actividades na piscina realizarase unha xornada de convivencia coas familias, que neste curso se despiden da escola.

4.4.- OUTRAS ACTIVIDADES

- **FESTAS:** Na escola celebraranse dúas festas de grande importancia: o Nadal e o Entroido. Nas dúas será importante a participación das familias, tanto na organización como a súa presenza nas mesmas. A festa de Entroido xirará en torno a unha temática que cada ano escollerá o Claustro de profesores a principio de curso. As familias participarán na elaboración dos disfraces e na posta en marcha dunha actuación o día da festa.
- **PROXECTO VOZ NATURA:** A escola participará no Proxecto Voz Natura, organizado pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. No prazo establecido presentaremos o proxecto a realizar cada ano. Parécenos importante participar no labor de educación ambiental que se pon en marcha ó desenvolver esta actividade.
- Participaremos nos programas municipais de **CORUÑA EDUCA** adaptados á idade dos nosos alumnos: Educación Viaria, Educación para o consumo, Educa Saúde,...
- Tamén estaremos pendentes da oferta cultural adaptada para 0-3 anos doutras institucións (concertos, teatro,...)

5.- FORMAS DE PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

No noso centro, debido á curta idade do alumnado, os sectores da comunidade educativa no que se refire a participación e colaboración son as familias e o equipo educativo. Algo que queremos destacar e que é importante no noso proxecto é o feito de que a escola está aberta á participación das familias na vida diaria da aula. Este feito implica un contacto diario e directo entre estes dous sectores ó entrar os pais na aula a deixar e a recoller ós seus fillos. A continuación concretamos estas e outras formas de participación e colaboración.

5.1.- O EQUIPO EDUCATIVO

Este órgano colexiado é o propio de participación do persoal directivo, o persoal de aula e o persoal de apoio no control da xestión educativa do centro, con responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del, segundo se establece no Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís integradas na REIM do Concello da Coruña.

O Equipo educativo estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo nel e será presidido polo director/a da escola.

Actuará de forma coordinada seguindo as instrucións da Dirección.

Reunirase, cando menos, unha vez ao mes e sempre que o convoque a Dirección.

FUNCIÓNS DO EQUIPO EDUCATIVO

- Planificar, organizar e realizar a xestión educativa da escola.
- Participar na elaboración, modificación e avaliación dos diferentes documentos de xestión, seguindo as instrucións da Dirección.
- Aprobar e avaliar os aspectos educativos e organizativos destes documentos.
- Promover iniciativas no ámbito da innovación didáctica e na formación do persoal educador.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar.
- Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola e a evolución dos menores, así como os resultados da avaliación interna e externa en que participe esta.
- Atender e informar ás familias acerca de aspectos concretos da evolución dos seus fillos a través das titorías. **(Ver ANEXO 4)**

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Aínda que non está establecido no Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís integradas na REIM do Concello da Coruña, dende este equipo educativo consideramos necesario para un bo funcionamento da nosa Escola a existencia destes órganos de coordinación docente para mellorar a atención educativa dos nenos e nenas cos que estamos a traballar.

a.- Equipos de ciclo

Esta escola imparte o ciclo 0-3 de Educación Infantil, e nós para realizar un traballo coordinado entre os titores de aula, estableceremos ciclos dentro do Ciclo 0-3 da Etapa de Educación Infantil:

CICLO I: onde se agrupan as aulas de 0-1 ano

CICLO II: as aulas de 1-2 anos

CICLO III: as aulas de 2-3 anos.

Os equipos de ciclo, que agruparán a tódolos mestres que imparten docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da Dirección, as ensinanzas propias do del. Cada equipo de ciclo contará cun coordinador.

FUNCIÓNS DOS EQUIPOS DE CICLO

- 1.- Formular propostas á Dirección e ó equipo educativo relativas á elaboración do P.E. e P.X.A.
- 2.- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- 3.- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- 4.- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DOS EQUIPOS DE CICLO

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluíra os seguintes aspectos:

- a.- Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- b.- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- c.- Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as.
- d.- Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- e.- As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar dende o equipo de ciclo.
- f.- As medidas de atención á diversidade.

Os profesores/as programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ó que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de Ciclo. No caso de que algún profesor decidira incluír na programación da súa actividade algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación, e a xustificación correspondente, incluíranse na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

b.- Comisión de coordinación pedagóxica

Como esta reflectido anteriormente, no caso dos Equipos de Ciclo, a Comisión de Coordinación Pedagóxica é un órgano moi importante para levar a cabo de forma coordinada o traballo que se está a realizar na Escola.

Esta comisión estará integrada polo director como presidente, os coordinadores de ciclo, o psicopedagogo do centro.

FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A comisión de coordinación pedagóxica terá as seguintes competencias :

- a.- Elevar propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b.- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción titorial se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro.
- c.- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d.- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares par a súa aprobación.
- e.- Canalizar as necesidades de formación de profesorado

5.2.- AS FAMILIAS

A presenza habitual dos pais e nais nas aulas forma parte importante da nosa liña metodolóxica. Mediante este tipo de implicación dáselles ocasión ós pais e nais da nosa escola a colaborar e participar na aula axudándonos en certos momentos e actividades. Poderán vir á aula a contar contos, experiencias, explicarannos o seu oficio ou profesión, ensinarannos cousas ou simplemente xogarán con nós.

Este tipo de implicación suporá sempre un traballo previo para acordar a actitude a manter, as estratexias concretas de actuación, a linguaxe que se debe empregar, as tarefas concretas a desenvolver, a distinción de funcións ou calquera outro aspecto que o titor/a considere necesario tratar para que a implicación resulte positiva para todos.

Nestas experiencias ofrecémoslle a oportunidade ós pais de ter outra visión do neno, e de descubrir novas formas de se relacionar con el, de adquirir unha nova sensibilidade e un novo estilo de interacción, e todo elo aportando, ademais, un interesante modelo de continuidade entre familia e a escola que, doutro xeito, podería resultar máis difícil de acadar. Esta aproximación serviranos tamén para expresarles ós pais/nais os nosos proxectos de traballo.

As saídas do centro, as excursións, visitas, etc., serán un bo motivo de colaboración para os pais e nais. O número de adultos participantes terá que ser o suficiente para garantir a seguridade, un clima relaxado e un aproveitamento máximo da experiencia.

As distintas celebracións serán momentos especiais na vida educativa do centro. Nestes momentos aglutinaremos os esforzos de tódolos grupos aproveitando os procesos preparativos como actividades de ensino-aprendizaxe altamente motivadoras para nenos, pais e educadores. As festas escolares servirán, así mesmo, para estreitar o contacto entre a escola e a familia.

De acordo co establecido no artigo 13 do *Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís da REIM do Concello da Coruña* desde a escola promoverase a existencia das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPA). Trataremos de que haxa unha relación de colaboración entre a escola e a ANPA na realización das actividades propostas por ambas partes. As instalacións da escola estarán á disposición da ANPA para as súas xuntanzas e todo aquilo que precisen dentro do ámbito das súas funcións.

5.3.- O CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar é o órgano colexiado onde conflúen os distintos sectores que integran a comunidade educativa: equipo educativo, familias e Concello. É a través deste órgano onde os diferentes membros da comunidade escolar poden participar de maneira activa e democrática na organización e funcionamento do centro.

En cada Consello Escolar, haberá unha Dirección , que exercerá a presidencia, un/a representante municipal, e un/a representante da concesionario. Na nosa escola a ser unha escola de liña 2, é dicir de 6 unidades , ademais contará con:

- ✓ Dous representantes do equipo educativo. Un deles designado pola Dirección, exercerá a secretaria do Consello con voz e con voto.
- ✓ Dous representantes das familias e representantes legais, un designado pola ANPA e outro elixido por e entre eles. Se non

estivese constituída a ANPA, o representante que lle correspondería sería elixido como o outro.

- ✓ Un representante do persoal de administración e servizos.

O funcionamento e as competencias do Consello Escolar son as establecidas no artigo 12 do *Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís da REIM do Concello da Coruña*.

6.- FORMAS DE COLABORACIÓN COAS OUTRAS ESCOLAS DA REIM E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.

6.1.- ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

A Escola Infantil Municipal Arela parte da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña (REIM), xunto ás oito escolas que a constitúen actualmente.

As escolas da REIM prestan un servizo público de dobre natureza: educativa e asistencial, co obxectivo de proporcionar unha educación de calidade á vez que unha axuda para a conciliación da vida familiar e laboral.

As escolas da REIM están presentes en distintas zonas da cidade e cada unha delas conta cun proxecto educativo propio. Varios premios educativos a nivel nacional avalan a calidade das escolas infantís municipais do Concello da Coruña. Dada esta variedade de propostas educativas as familias teñen a posibilidade de escoller a que sexa máis acorde coas expectativas que teñen para os seus fillos.

Como profesionais do ensino consideramos importantes as aportacións que podemos ofrecer unhas escolas a outras grazas ós diferentes proxectos cos que contamos cada unha.

Algunhas das medidas de colaboración previstas cos outros centros da REIM son as seguintes:

- Xuntanzas periódicas das direccións das escolas para marcar obxectivos comúns a nivel educativo e administrativo, tal e como establece o artigo 10 do *Regulamento de Organización e Funcionamento da REIM do Concello da Coruña* dentro das funcións da dirección dos centros.
- Xuntanzas dos equipos educativos, incluíndo visitas ás instalacións das escolas, para a posta en común de experiencias educativas.
- Realización de cursos de formación, tanto de forma conxunta, como ofertándolle ó persoal das demais escolas a posibilidade de asistir ós mesmos cando sexan organizados na nosa escola e queden prazas vacantes.
- Intercambio de información sobre todos aqueles ámbitos da nosa actividade que nos parecen interesantes: proxectos, cursos de formación, blogs ou páxinas web sobre infancia e ensino, profesionais como contacontos, músicos, ...

6.2.- OUTRAS ENTIDADES

Un aspecto fundamental dentro do noso labor educativo é o contacto con outros profesionais que traballan con alumnos que presentan necesidades

específicas de apoio educativo (NEAE), co obxectivo de intercambiar información de cara á consecución duns obxectivos comúns.

A Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera será unha das entidades coas que colaboremos mantendo unha comunicación periódica cos diferentes profesionais que poden traballar con alumnos escolarizados no noso centro: médicos, fisioterapeutas, rehabilitadores, psicólogos,... Estaremos tamén en contacto con profesionais do ámbito privado cando sexa o caso.

A colaboración cos Servizos Sociais do Concello da Coruña e tódolos seus programas (Menores, Muller, Inmigrantes,...) será imprescindible tanto en casos de alumnos que presentan NEAE derivadas de situacións de risco social, como á hora de asesorar ás familias sobre axudas e subvencións das que poidan ser beneficiarias.

Colaboraremos na Formación en Centros de Traballo dos Ciclos Formativos ofertando prazas para que o alumnado realice as súas prácticas de traballo, así como no caso de alumnos da Universidade da Coruña. Así mesmo estaremos dispostos a aportar a nosa experiencia no eido educativo a quen o solicite para charlas, ciclos de conferencias, congresos,...

Non podemos esquecer a importancia da relación da escola co seu entorno máis próximo, polo que manteremos unha estreita colaboración coas asociacións veciñais e culturais do barrio.

Para finalizar parécenos importante colaborar con ONGs principalmente nas campañas de recollida de roupa, xoguetes ou alimentos.

ANEXOS